



ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

PUBLICACIÓN

✓ BOPPO 27 decembro 1989

MODIFICACIÓN

Ⓢ BOPPO 12 febreiro 2008, nº 30 [páx. 56], se modifican os Arts. 3 e 4

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible do imposto, a realización dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obra urbanística, se teña obtido ou non dita licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este Municipio.
2. As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:
 - A) Obras de construción de edificacións e instalacións de tódalas clases de nova planta.
 - B) Obras de demolición.
 - C) Obras en edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.
 - D) Aliñacións e rasantes.
 - E) Obras de fontanería e alcantarillado.
 - F) Obras en cemiterios.
 - G) Calquera outras construcións, instalacións ou obras que requiran licenza de obra ou urbanística.

ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVO

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, propietarios dos inmobles sobre os que se realicen as construcións, instalacións ou obras sempre que sexan donos das obras; nos demais casos considerarase contribuínte a quen ostente a condición de dono da obra.



2. Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras, se non foran os propios contribuíntes.

ARTIGO 3.- BASE IMPOÑIBLE, COTA E DEVENGO

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendéndose por tal, o coste de execución material daquela.
Non forman parte da Base Imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, nin tampouco as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais ou beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.
2. A cota deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.
3. O tipo de gravame será:
 - Para presupostos de ata 90.152: 2,00%.
 - Para presupostos de máis de 90.152: 2,80%.
4. O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivese a correspondente licenza.

ARTIGO 4.- XESTIÓN

1. Cando se conceda a licenza preceptiva ou cando se inicie a construción, instalación ou obra sen que a licenza fora solicitada, concedida ou denegada, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a Base Imponible:
 - a. En función do Orzamento presentado polo interesado, sempre que o mesmo fora visado polo colexio Oficial correspondente, cando isto sexa un requisito preceptivo.
 - b. Noutro caso, a base imponible determinarase polo técnico municipal de acordo cos módulos e índices contidos na Base de Datos da Construción de Galicia elaborados polo Instituto Tecnolóxico de Galicia.En todo caso os módulos de valoración actuarán como custos mínimos en tódolos supostos, de forma que se o presuposto presentado fose menor ca o que se obtivera en base a aqueles, tomarase como base imponible do imposto este último.



2. Unha vez rematada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo da mesma, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a Base Impoñible a que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo o suxeito pasivo, ou reintegrándolle, se procede, a diferenza que corresponda.

ARTIGO 5.- INPECCIÓN E RECADACIÓN

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

ARTIGO 6.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo a cualificación das infraccións tributarias así como a determinación das sancións que polas mesmas correspondan a cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

DIPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor no día da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia” e comezará a aplicarse a partir do día 1-1-1990, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.